

Xela Arias
Poesía reunida
(1982-2004)



XERAIS



ADIAN TADA
CREATIVA
OUSADA
VALENTE
TRANSGRESORA

GRAZAS, MESTRA

POLAS LECCIÓN S QUE LLES
DEIXAS ÁS NOVAS XERACIÓ NS



EDITORA
TRADUTORA
POETA

*"Nós decidimos que facemos coas
nosas vidas, aínda que moitas veces
pensemos que non".*

DÍA DAS LETRAS GALEGAS
DEDICADO A XELA ARIAS



XUNTA
DE GALICIA



© Xulio Gil

XELA ARIAS

LETRAS GALEGAS 2021

INTRODUCCIÓN

O 17 de maio é a festa da lingua galega, unha celebración institucionalizada en 1963 pola Real Academia Galega (RAG) para honrar un autor ou autora polo seu labor de defensa e promoción do idioma e cultura de noso. Unha efeméride que foi acadando nos últimos anos gran amplitude, proxección e participación cidadá ata converterse nunha das citas máis importantes do almanaque galego, con importante atención e implicación desde os diferentes ámbitos sociais (administracións, institucións, entidades, empresas...).


Neste 2021, a RAG, na súa sesión plenaria celebrada o 22 de decembro de 2020, tomou o acordo de lle render tributo e dedicarlle o Día das Letras Galegas a Xela Arias Castaño (Sarria, 1962 - Vigo, 2003), "unha voz singular da xeración que anovou nos anos 80 a poesía en temas, estilo e forma" da que a institución subliña "o seu labor pioneiro na tradución ao galego de clásicos universais e como editora". Celebramos, pois, unha das voces máis destacadas da poesía galega contemporánea, autora dunha escrita singular, transgresora, sincera e comprometida. Homenaxeamos unha muller, a quinta anfitrioa do Día das Letras Galegas nos 58 anos desta celebración, despois de Rosalía de Castro (1963), Francisca Herrera Garrido (1987), María Mariño (2007) e María Victoria Moreno (2018).

A traxectoria de Xela Arias bebe directamente do devir cultural galego dos anos 80 e 90, como poeta, como tradutora, como activista social, como profesional no ámbito da edición. A cidade de Vigo acóllea desde os sete anos e é testemuña das primeiras publicacións en xornais e revistas, da súa participación en recitais poéticos e do seu activismo cultural. Alí traballa en Edicións Xerais de Galicia, licenciase nas filoloxías Hispánica e Galego-Portuguesa e exerce a docencia en distintos institutos da comarca. Morre subitamente 2003 ocasionando unha fonda conmoción no mundo cultural, que lle redendeu numerosas homenaxes, como a organizada na Cidade Olívica pola Asociación Galega de Editores (AGE), a Asociación de Tradutores Galegos (ATG) e a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG).

Como poeta, anticipou nos anos oitenta moitos temas e características formais da lírica galega da década seguinte. Atrévuse a explorar o diálogo entre a poesía e a fotografía ou a música e procurou novos espazos para elas en recitais, festivais e outras intervencións. A súa é unha poesía urbana, que rompe formalmente co código poético, cunha dimensión social e precursora da escritura de xénero.

A Xunta de Galicia, a través das consellerías de Cultura, Educación e Universidade e de Política Social, da Secretaría Xeral da Emigración e da Cidade da Cultura de Galicia; en colaboración coa RAG, co Consello da Cultura Galega (CCG); coa Corporación Radio e Televisión de Galicia (CRTVG); coas editoriais Xerais, Laiovento, Baía, Bolanda, Ir Indo e Galaxia, coas empresas Renfe Viajeros, Gadis, Vegalsa-Eroski, Feiraco Lácteos e Xurdir S.L., entroutras, impulsa unha programación institucional conxunta para renderlle tributo, dar a coñecer e poñer en valor a vida, a figura e a obra de Xela Arias por todo o territorio de Galicia, co obxectivo de facer partícipe da celebración das Letras Galegas a toda a cidadanía galega.

A Xunta de Galicia, como vén sendo habitual, celebrará un acto institucional conmemorativo das Letras Galegas 2021 o propio 17 de maio, nesta ocasión na cidade de Vigo, para renderlle tributo a Xela Arias e festexar mil primaveras máis para a nosa lingua.



© Xulio Gil

PROXECTOS EXPOSITIVOS

| XELA ARIAS. ASINAMOS SER LIBRES

Exposición promovida pola Xunta de Galicia, baixo xestión de Ouvirmos S.L., que percorrerá dez localidades galegas, con paradas en concellos da Rede de Dinamización Lingüística da Xunta e en bibliotecas da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, para difundir a figura, a vida, a obra e o contexto histórico que lle tocou vivir a Xela Arias.

Adianto de itinerancias:

 **Biblioteca Pública de Santiago Ánxel Casal**
 Maio de 2021

 **Delegación Territorial da Xunta de Galicia en Vigo**
 Xuño de 2021

| TIGRES COMA CABALOS

Exposición promovida por Darío Gil co apoio da Xunta de Galicia, inspirada no poemario homónimo e artellada en 48 fotografías, que se exhibirá nos concellos de Santiago de Compostela e de Vigo. Acompañarase dunha reedición do poemario en formato de catálogo expositivo.

Lugares de exhibición:

 **Museo do Mar de Galicia** (Vigo)

 **Centro Galego de Arte Contemporánea** (Santiago de Compostela)

| AQUELA NENA DE SARRIA

Exposición elaborada polo Colectivo Egeria e Galicia Dixital co patrocinio da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia e a colaboración do Concello de Sarria e da Real Academia Galega. Composta por doce paneis, reflicte o tempo sarrián e lucense de Xela Arias, a súa querenza por Sarria e o rural, o seu vencello co idioma galego e o empeño en que se recoñecese Xela como o seu nome real. Complétase con poemas dirixidos a Xela por alumnos

e alumnas dos institutos sarriáns Xograr Afonso Gómez de Sarria e Gregorio Fernández, por poetas de Sarria, así como de compañeiras poetas galegas que seguen os camiños que Xela trazou e ata un conxunto de “Vilariñas”, especiais micropoemas con imaxes cos que un grupo de membros da Nova Poesía Guitirica honra a Xela no seu ano.

A mostra inclúe fotografías facilitadas pola familia de Xela e unha serie de debuxos da pintora lucense Sabela Arias, que conforman un especial complemento ás fotografías que foron o punto de partida da autora para este traballo. De carácter itinerante, visitará primeiro os centros educativos de Sarria e logo os dos concellos limítrofes, para despois da Festa das Letras iniciar percorrido polo resto de Galicia.

Do 29 de marzo ao 4 de abril fará parada na **Biblioteca Pública de Lugo**.



MOSTRAS BIBLIOGRÁFICAS NA REDE DE BIBLIOTECAS PÚBLICAS

Como cada ano a Biblioteca de Galicia (BdG) celebrará o Día da Letras Galegas cunha exposición na que se dará a coñecer o fondo bibliográfico que custodia da autora homenaxeada este ano, Xela Arias.

 **Datas de exhibición:** do 17 de maio ao 28 de xullo de 2021

XELA ARIAS

A **Biblioteca Pública de Santiago Ánxel Casal** exhibe dúas mostras bibliográficas con motivo do Día das Letras Galegas:

- *17 de maio, Día das Letras Galegas*, dirixida a público infantil
- *Xelas Arias, 1962-2003*



Ambas as dúas, do 3 ao 31 de maio de 2021

A **Biblioteca Pública da Coruña Miguel González Garcés** organiza, do 10 ao 24 de maio, unha exposición bibliográfica en homenaxe á autora.

A **Biblioteca Pública de Vigo Juan Compañel** organiza a exposición *Xela Arias: o compromiso dunha voz* e a mostra bibliográfica *Na fraga dos paxaros faladores*, arredor da anfririoa das Letras Galegas 2021.



Ambas as dúas, do 3 ao 31 de maio

A **Biblioteca Pública de Ourense Nós** organiza a exposición *@s nos@s autores*, con mostras bibliográficas en diferentes espazos do centro.



Do 18 ao 31 de maio

A **Biblioteca Pública de Pontevedra Antonio Odrizola** organiza as mostras *Letras Miudiñas*, con obras e biografías dos autores homenaxeados polo RAG, e *Xela Arias: renovación e sensibilidade*, que incide nas facetas como tradutora e escritora da autora homenaxeada.



Ambas as dúas, do 14 ao 30 de maio

| XELA ARIAS. FOTOGALERÍAS

Retratos de autor. Fotografada por Xulio Gil

Xulio Gil é autor dalgúns dos retratos máis coñecidos de Xela Arias. Ambos os dous dan ao prelo *Tigres coma cabalos* (1990), onde poesía e fotografía dialogan a través de 48 poemas e outras tantas imaxes da autoría do fotógrafo vigués que seis anos despois asinaría tamén a instantánea do fillo de ambos os dous, para ilustrar a capa do poemario que a poeta lle dedica ao seu único fillo ao nacer: *Darío a diario* (1996).

O Portal da Lingua Galega ofrecerá a partir de abril unha fotogalería con 28 fotos da poeta, da autoría de @XulioGil.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade, mercé á xenerosidade da familia da autora, nomeadamente á de seu irmán Lois, ofrece xa desde este mesmo web e en colaboración co Seminario Galán, unha Fotogalería inédita da infancia e adolescencia de Xela Arias para que o profesorado e o alumnado dos centros escolares galegos poidan utilizalas nos seus traballos sobre a escritora.



© Xulio Gil

INICIATIVAS DE PARTICIPACIÓN SOCIAL

Iniciativas empresariais

RENFE VIAJEROS

Por quinto ano e ao longo do mes de maio, 11 trens de alta velocidade dos corredores A Coruña-Vigo e A Coruña-Ourense levarán nos repousacabezas a imaxe institucional do Día das Letras Galegas 2021 e nas estacións de tren das cidades da Comunidade Autónoma de Galicia expoñeranse os carteis gañadores do Concurso-exposición das Letras Galegas organizado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística. Estes carteis tamén se poderán ver, en tamaño reducido, no interior dalgúns vagóns.

A presentación da iniciativa realizarase nunha estación galega e incluírá a distribución de exemplares de obras literarias en galego entre os pasaxeiros e pasaxeiras.

A Xunta de Galicia, Renfe Viajeros e ADIF poñen en marcha esta campaña que busca incrementar a visibilidade da celebración das Letras Galegas e da autora homenaxeada.

GADISA

Na véspera do Día das Letras Galegas, o 16 de maio, os supermercados Gadis de Galicia agasallarán a súa clientela, por calquera compra, cunha tirada de 30.000 libros en galego, 30.000 marcapáxinas e 60.000 bolsas de papel conmemorativas do 17 de maio, para sumarse á celebración das Letras Galegas e apoiar o labor editorial.

VEGALSA-EROSKI

A cadea galega de distribución alimentaria Vegalsa-Eroski e a Secretaría Xeral de Política Lingüística desenvolven un ano máis a campaña Letras Galegas Vegalsa-Eroski para promover a celebración do 17 de maio nos seus establecementos comerciais a través de carteis e bolsas da compra conmemorativas para homenaxear a Xela Arias.

FEIRACO LÁCTEOS

A Secretaría Xeral de Política Lingüística e Feiraco Lácteos S.L. volven colaborar para festexar as o 17 de maio co Certame de Relatos Breves Feiraco Letras Galegas, que chega neste 2021 á súa 10ª edición, e co Certame de Artes Plásticas Feiraco para a cativada, que este ano celebra a súa 2ª edición, ademais de cunha promoción en liña destinada a impulsar a lectura con agasallos para o público consumidor que se desenvolverá entre os meses de abril e maio.

Eventos deportivos

VIII CARREIRA CAMIÑO DAS LETRAS

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade colabora con Xurdir S.L. nesta iniciativa que vencella a celebración das Letras Galegas co Camiño de Santiago e co deporte. Faino por medio da xa consolidada carreira popular que o 17 de maio percorre o treito do Camiño de Santiago que une o Pico Sacro coa Cidade da Cultura de Galicia, onde haberá tamén probas específicas para nenos a partir de 4 anos e un percorrido de 5 quilómetros para os adultos que desexen optar por esta modalidade.

Ao remate das probas os participantes recibirán un libro e un diploma.

11

Certames

LINGUA DE RAPEAR

Concurso de rap en galego convocado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado dirixido á mocidade e destinado á dinamización lingüística entre a xente moza.

XXVII CERTAME DE NARRACIÓN E DEBUXO LETRAS GALEGAS

Organizado pola **Biblioteca Pública de Lugo**, coa colaboración de diferentes Concellos da provincia de Lugo que dispoñen de servizo de biblioteca municipal, e dirixido a rapazada dos 8 aos 16 anos, no marco da programación conmemorativa do 17 de maio.

Lectura participativa

| XELA ARIAS. RELECTURAS. CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

A Cidade da Cultura de Galicia organiza unha actividade de lectura participativa para difundir en redes a obra de Xela Arias. A proposta, que quere propiciar un achegamento da cidadanía á obra da poeta sarriá, a través da lectura. A profesora e especialista na figura da homenaxeada, María Jesúa Nogueira, realizará unha escolma da súa obra e dúas accións asociadas: unha **lectura compartida** entre os centros educativos IES Sograr Afonso X de Sarria e IES Castelao de Vigo e unha **lectura participativa** para animar a cidadanía a sumarse á homenaxe das Letras Galegas a través da lectura dun poema e da súa difusión nas rede sociais. Con ambas as dúas acción realizarase unha peza audiovisual para visibilizar nas redes sociais a celebración do 17 de maio.

  Datas e lugar de realización: no Museo Centro Gaiás, do 11 ao 17 de maio.

| OUTRAS INICIATIVAS

A **Fundación Ínsua dos Poetas**, en colaboración coa Consellería de Cultura, Educación e Universidade, coa Deputación de Ourense e co Concello do Carballiño, organiza a **IX Celebración da Auga, a Árbore e a Poesía**, na que terá un especial protagonismo Xela Arias.

  O 27 de marzo na Esgueva, Madarnás (O Carballiño)

EDICIÓNS PARA CONMEMORAR AS LETRAS GALEGAS

CADERNOS RAMÓN PIÑEIRO XLIV. HOMENXE A XELA ARIAS

"INTEMPÉRIATEME" ou sobre a dificultade de traducirse. O Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades prepara xa a súa homenaxe particular a Xela Arias, á que lle dedicará o volume XLIV dos seus Cadernos nunha publicación na que recompilará ensaios de varios autores e autoras arredor da poeta, a cargo de Luís Cochón e Laura Caamaño, que verá a luz no mes de maio.

NON TE AMOLA! (OBRA INÉDITA)

O CCG editará o libro inédito que constitúe a primeira achega á narrativa de Xela Arias *Non te amola!*, que a autora ultimaba cando faleceu, con ilustracións de Bea Gregores e prólogo comentado da profesora Ana Iglesias.

EDITORIAL GALAXIA

Editorial Galaxia dará a lume dúas edicións especiais para celebrar as Letras Galegas:

Intempestiva. Biografía (literaria) de Xela Arias, da man da profesora e crítica literaria Montse Pena Presas. A obra, percorre a vida e a obra da autora homenaxeada, ambas as dúas marcadas pola heterodoxia dunha muller que non desexaba ser categorizada en corrente ou escola ningunha. Con prosa achegada á narrativa, lonxe de formalismos académicos e capítulos como *Máis rock and roll e menos poesía* ou *Como regra vital, a independencia*, marcan o ton intempestivo do título que a propia autora soubo darlle á biografía literaria e vital da figura homenaxeada polas Letras 2021.

Nun formato singular e fóra de colección, acompañada de material fotográfico e cunha listaxe de Spotify coa música da que gostaba Xela Arias, estará dispoñible nas librerías en abril.

Non te amola!, ilustrado por Luz Veloso. Un texto narrativo, ata agora inédito, que é unha biografía emocional dunha infancia que se proxecta vizosa, cara aos

nosos días. Unha descuberta dunha sensibilidade magnífica. Un acontecemento literario que se abeira co traballo dunha grande ilustradora como Luz Beloso.



Dispoñible nas librerías en marzo

| EDICIÓNS XERAIS DE GALICIA

Xela Arias desenvolveu o seu labor profesional nesta editorial, entre 1980-1990, que ofrece no marco da celebración das Letras Galegas dedicadas a ela un amplo catálogo no que se inclúen reedicións especiais:

Denuncia do equilibrio (1986), primeiro poemario da autora, unha obra a contracorrente da poesía actual daquel momento, unha obra rabiosamente contemporánea que dá conta do arrebatado dunha voz nova, independente, radicalmente propia, que se pon en marcha cunha enorme forza simbólica. “A altura, o precipicio, a conmoción”, en palabras de Olga Novo, responsable do limiar. Xa dispoñible.

Darío a diario, un libro valente, que reflexiona e desmitifica a maternidade, reescrito desde unha inha perspectiva de xénero e tomando como base o diálogo co seu fillo Darío, desde a intención confesa de compartir os seus versos con outras mulleres. Un libro “universal e asombroso”, segundo Berta Dávila, autora do limiar. Xa dispoñible.

Intempériome (2003). Edición especial Letras Galegas 2021 do derradeiro libro de poemas publicado por Xela Arias que racha, desde o propio título, as convencións lingüísticas para facer un uso libre, exploratorio e rebelde da sintaxe e da voz, examinado o territorio da existencia, do amor e da morte. Ocúpase do limiar Iolanda Zúñiga, quen lel di a Xela se ispe “para asimilar, sen estorbos, o alento do suburval”. Xa dispoñible.

E novidades:

Xela quixo ser ela. Biografía de Xela Arias (2021), por Yolanda Castaño, encargada de achegar a vida da autora e de amosar como, xa desde a infancia dunha nena escritora, se albiscan os valores que guiarán o seu camiño: queimar vellos prexuízos, desoír expectativas, rebelarse conta as imposicións e non deixarse guiar por modelos de segunda man. Unha aventura radical de chegar a ser unha mesma. Xa dispoñible.

Xela Arias. Os territorios da liberdade (2021), por María Xesús Nogueira, quen fai un persorrido pola biografía e obra dunha autora apaixonada pola contemporaneidade, que fixo da cultura un xeito de vida. En preparación.

Poesía reunida (1982-2004), un volume que dá conta da obra poética de Xela Arias para contribuír á difusión e coñecemento dunha autora para quen a poesía era "un trato coa búsqueda da vida poderosamente iluminada". Con edición, introdución e notas de María Xesús Nogueira. Xa dispoñible.

EDICIÓNS LAIOVENTO

A súa tradución *O Spleen de París*, de Charles Boudelaire, valeulle postumamente a Xela Arias o recoñecemento do Premio Plácido Castro 2004. Un traballo que actualiza neste 2021 Xesús González Gómez para Laiovento nun coidado volume con capa ilustrada polo cadro *La Musique aux Tuileries* (1962), do pintor simbolista Édouard Manet e na que aparece propio Baudelaire en segundo plano.



Nas librarías en abril.

BAÍA EDICIÓNS

Xela Arias palabra á intemperie. Libro ilustrado. A través dunha conversa a tres bandas, Emma Pedreira e Laura Romero preséntannos a Xela Arias, poeta, tradutora, docente, letrista e, sobre todo, muller transgresora.

Poemas a dúas voces, colaxes e ilustracións para recuperar e coñecer a figura dunha das nosas voces máis interesantes e, se cadra, máis descoñecidas da literatura.



Xa dispoñible. A partir dos 12 anos

BOLANDA EDICIÓNS

Os Bolechas tamén se suman á celebración das Letras Galegas da man da Secretaría Xeral de Política Lingüística e a través da colección "As miñas primeiras Letras Galegas", que esta primavera ofrecerá a entrega dedicada a Xela Arias para achegarlles aos nenos e nenas a figura da autora dun xeito divertido e didáctico nunha entretida narración de Pepe Carreiro.

IR INDO

XELA ARIAS. Poeta e tradutora. Biografía de Anxo Xoán Rajón Pazó, que sae do prelo no marco da colección "GALEGOS NA HISTORIA". Percorrido pola autora que, dun xeito valente, asumiu claros compromisos coa lingua galega e co feminismo, movemento que defendeu en todas e en cada unha das súas composicións, mesmo coa tradución de obras de autoras claramente significadas neste eido. Xela, muller poeta, tradutora e filóloga que creu ata os derradeiros días que "vencerse é cousa de se tratar". Xa dispoñible.

PROPOSTAS NO ÁMBITO EDUCATIVO

CONCURSO-EXPOSICIÓN LETRAS GALEGAS 2021

A Secretaría Xeral de Política Lingüística convoca cada ano un concurso dirixido aos centros de ensino público non universitario que desexen elaborar unha exposición sobre a obra, época e lingua da autora homenaxeada o 17 de maio, así como sobre a situación sociolingüística da etapa histórica en que viviu. As mostras gañadoras, que este 2021 deberán centrarse en Xela Arias Castaño, e poderán descargarse de balde desde o Portal da Lingua Galega. Feiraco Lácteos S.L. Colabora neste certame.



www.lingua.gal/dia-letras-galegas

III CONCURSO DE PODCASTS RADIO NA BIBLIO

A Asesoría de Bibliotecas Escolares da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, en colaboración coa Radio Galega, convoca a terceira edición deste certame dirixido aos centros públicos integrados no programa Radio na Biblio e con extensión a outros centros que traballan coa radio como ferramenta pedagóxica, co fin de estimular a valoración da lingua materna, reforzar a lectura de poesía galega ou o achegamento ao mundo do libro, da edición e da tradución, do que era coñecedora a autora homenaxeada.



No mes de maio.

III CONCURSO DE PODCAST XOSÉ MOSQUERA PÉREZ

Certame de podcast orixinais e inéditos relacionados co patrimonio literario de Galicia e de Portugal e coas súas figuras relevantes, tales como a autora á que se lle dedican as Letras Galegas neste 2021. Dirixido ao alumnado de 10 a 18 anos de Galicia e do norte de Portugal, organízano o IES Plurilingüe Rosalía de Castro de Santiago de Compostela, Arraianos Producións e o Colectivo Ponte nas Ondas, coa colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística e doutras entidades como o Museo do Pobo Galego, a Fundación Rosalía de Castro, a Asociación Oral de Galicia, a Escola de Artes Plásticas e Deseño Mestre Mateo, a Radio Galega, a RAG, a Fundación Antonio Fraguas Fraguas e o Parlamento de Galicia.

BANDAS DESEÑADAS SOBRE XELA ARIAS

O **CPI Suárez Marquier** (O Rosal, Pontevedra) e o **IES Ribeira de Louro** (O Porriño, Pontevedra) Propoñen este proxecto de creación de bandas deseñadas sobre a vida e a obra de Xela Arias dirixido a alumnado de secundaria e bacharelato, que inclúe obradoiros de ilustración e linguaxe do cómic.

CERTAME FOTOGRÁFICO SOBRE A POESÍA DE XELA ARIAS NO BARCO DE VALDEORRAS

Os centros educativos da Comarca de Valdeorras impulsan este certame para dar a coñecer a figura de Xela Arias, a súa obra e o seu compromiso coa lingua galega entre o estudiantado de ensino secundario, a través dun dobre concurso fotográfico que se desenvolve nos propios centros e nas redes do Centro Comercial Aberto para facer partícipe das Letras Galegas as entidades do eido empresarial.

PRIMAVERA DAS LETRAS

A Real Academia Galega ten no seu web un espazo destinado ao público de infantil e primaria denominado “Primavera das letras”. Con esta iniciativa, a RAG pretende fornecer os centros de ensino de propostas didácticas arredor do Día das Letras Galegas.

No marco da “Primavera das letras”, a Academia inclúe o concurso “Contádenos o voso día das Letras”, aberto a todos os centros de infantil e primaria para que amosen como celebran o 17 de maio.

ACTIVIDADES DOS EDLG

Os equipos de dinamización da lingua galega (EDLG) do resto de centros educativos de Galicia tamén impulsan iniciativas e elaboran recursos para dar a coñecer a autora homenaxeada polo 17 de maio, a súa obra e o seu compromiso co idioma propio de Galicia. Unidades didácticas, calendarios, marcapáxinas, crebacabezas, presentacións, xincanas, exposicións, festivais, biografías para alumnado NEAE, brincaletras, pasapalabras, vídeos, podcast, telexornais, cancións, videopoemas, obras de teatro ou certames son algunhas das propostas que se van desenvolver en colexios e institutos de toda Galicia. Entre elas, podemos destacar iniciativas como os **Anxopictogramas**, recursos en pictogramas (biografía, poemas, contos...) destinados a alumnado NEAE e con transtornos da linguaxe elaborados polo CEIP Plurilingüe O Mosteirón de Sada (A Coruña), que serán difundidos desde o blog deste centro. O **Concurso europeo de marcapáxinas** dedicado á escritora e impulsado desde o IES Plurilingüe San Clemente de Santiago, que se difundirá en varios países de Europa por medio do programa e-Twinning e no que poden participar todos os centros integrados nesa plataforma. Tamén o xa famoso **Telexornal Letras Galegas** realizado polo alumnado de secundaria do CPI Dos Dices de Rois (A Coruña), que inclúe unha reportaxe sobre a vida e obra da autora, acompañado de entrevistas a especialistas que afondan na súa figura e no seu legado. O CPR Escravas da Coruña, de Escolas Católicas de Galicia, impulsa unha **Colección de podcast** con entrevistas sobre Xela Arias, a cargo de persoeiros do eido cultural galego e doutros ámbitos. O CEIP do Carballal de Marín (Pontevedra) versiona nun **videoclip o poema "Se andas a gatiñas..."**, con voces e coreografía do alumnado. O CEIP Frei Luís de Granada de Sarria amosa un **videopoema-canción** sobre a vida, obra e figura da autora homenaxeada.

Dous dos centros de referencia na vida de Xela Arias súmanse á homenaxe a Xela Arias: o IES Xelmírez II de Santiago de Compostela, no que a autora exerceu a docencia, prepara unha **xornada-homenaxe** que celebrará o 18 de maio coa participación de María Xesús Nogueira e de Fernando Abreu; o IES Castelao de Vigo ten en axenda oito citas que estenden a celebración neste centro no que estudou a poeta do 16 de abril ao 21 de maio, con lecturas de poemas, actuacións musicais, relatorios e charlas-coloquios arredor de Xela Arias, obradoiros e conferencias, que lle achegarán ao alumnado a figura, vida e obra da poeta, da man de moitas persoas das que mellor a coñeceron.

Por mor da situación sanitaria, que dificulta as actividades presenciais, os centros en xeral optan polas posibilidades que ofrece o eido virtual para divulgar

as Letras Galegas nas redes. O máis significativo do labor dos EDLG arredor da figura de Xela Arias vaise publicando no Portal da Lingua Galega para ser utilizado ou servir de referente a outros centros: www.lingua.gal

PROGRAMACIÓN ACADÉMICA

XUNTA EXTRAORDINARIA E PÚBLICA DA RAG

A sesión plenaria extraordinaria e pública da Real Academia Galega do 17 de maio desenvolverase no **Auditorio do Mar de Vigo** e contará con varias intervencións sobre a vida e a obra de Xela Arias Castaño. Emitirase en directo desde o web oficial da institución academia.gal.

VII XORNADA DO DÍA DAS LETRAS GALEGAS. XELA ARIAS CASTAÑO

A xornada anual de formación para o profesorado de ensino non universitario, organizada pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a través do Centro Autonómico de Formación e Innovación e da Secretaría Xeral de Política Lingüística, adquire nesta ocasión un formato virtual, para dotar as e os docentes de recursos para difundir entre a comunidade educativa a figura da autora homenaxeada no Día das Letras Galegas 2021.

O encontro, que se celebrará entre abril e maio, dividido en tres xornadas, incluírá conferencias de especialistas sobre a vida e obra de Xela Arias, así como a presentación de experiencias e materiais dos equipos de dinamización da lingua galega dos centros educativos destinadas a dar a coñecer a súa traxectoria.



A inscrición, proximamente dispoñible a través de <https://www.edu.xunta.es/fprofe/>.

SIMPOSIO XELA ARIAS

No mes de novembro, a RAG, coa colaboración da Consellería de Cultura,

Educación e Universidade, desenvolverá unhas xornadas de estudo destinadas fundamentalmente a profesorado de Lingua galega e literatura dos distintos niveis educativos, pero abertas a público en xeral, en que diversos especialistas profundarán na personalidade e na obra de Xela Arias. Emitirase en directo desde o web oficial da institución academia.gal.

XORNADAS LITERATURA NAS MARXES. A CREACIÓN ALÉN DO CANON

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade colaborou coa Asociación O Arquivo das Trasnas nunhas xornadas especialmente pensadas para estudiantado universitario nas que, arredor da semana da poesía, se analizou a obra de Xela Arias en relación con aspectos de moita actualidade como o feminismo, muller, maternidade ou rupturismo ata o cuestionamento do canon e o seu papel innovador nun proxecto lírico distinto a todo o anterior. Coa participación de Mariña Area, Daniel Asorey, Nee Barros, Carlos Callón, Yolanda Castaño, Míriam Ferradáns, Inma López Silva, Eva Mejuto, María Xesús Nogueira, Emma Pedreira, Montse Pena Presas, Mario Regueira, María Reimóndez, Ana Romaní, Marga Tojo, Bieito Troncoso, Marga do Val e Malores Villanueva. Organizado por Daniel Chapela.



Datas: do 16 ao 18 de marzo no Pazo de San Roque (Santiago de Compostela).



Toda a información en: www.lingua.gal/literatura-nas-marxes



AS LETRAS GALEGAS NO MUNDO

A **Rede de Centros de Estudos Galegos e Lectorados** da Xunta de Galicia, súmase, desde a programación impulsada polos 36 departamentos universitarios que a integran repartidos por América, Europa e Asia, ao labor de difusión da vida, figura e obra da autora homenaxeada polas Letras Galegas. Desde Salvador de Baía (Brasil) ata Budapest (Hungría) as actividades especiais arredor do 17 de maio espállanse e adquiren diversidade de formatos para achegarlle ao alumnado universitario conferencias, charlas-coloquios, encontros, proxeccións, exposicións, publicacións sobre Xela Arias.

Así, os Centros de Estudos Galegos (CEG) das universidades Federal de Bahía e de San Paulo promoven durante este curso académico no mes de maio o *Club de lectura en lingua galega Xela Arias* e *obradoiros* sobre a súa poesía, respectivamente; os CEG alemáns de Heidelberg, Kiel e Leipzig teñen previsto dentro das súas programacións actividades centradas na vida, na figura e na obra da homenaxeada, con proxección de documentais audiovisuais e participación en iniciativas a través da rede, obradoiros de tradución ou conferencias arredor da tradución para poñer en valor a faceta profesional que mellor os vencella coa autora e tamén para abordar a súa obra literaria. O CEG de Zádor ten en axenda unha conferencia centrada no 17 de maio para ese mesmo día, un *seminario de tradución galego-croata* ou outro *relatorio sobre a Xela tradutora*. O CEG de Lisboa organiza xa unha exposición itinerante sobre a figura de Xela Arias con paradas en diversos puntos da capital portuguesa, o vindeiro 17 de maio. No resto de España, os dous CEG cataláns preparan, en colaboración, unha *conferencia virtual* a cargo da académica da RAG Ana Romaní arredor da poeta homenaxeada e unha exposición bibliográfica que exhibirá a Biblioteca da Facultade de Humanidades da Universidade Autónoma de Barcelona durante o mes de maio, para poñer en valor a obra de Xela Arias e tamén para recuperar a mostra posposta o ano pasado por mor da pandemia arredor de Ricardo Carvalho Calero. En Granada, a universidade acolle na propia Semana Grande das Letras Galegas unha serie de coloquios arredor de Xela Arias, nos que participará o alumnado do CEG. O CEG de Salamanca recibirá a María Xesús Nogueira, profesora e especialista en Xela Arias, para desenvolver unha aula monográfica, e organizará un proxecto expositivo para exhibir na facultade, para alén de colaborar nas actividades conmemorativas organizadas polo Centro Galego. O CEG da Universidade Complutense de Madrid foi un dos primeiros en abrir as actividades conmemorativas das Letras Galegas 2021 cun *Obradoiro de chaves para a tradución na obra de Xela Arias* que desenvolveu en tres sesións

XELA ARIAS

académicas xa no mes de xaneiro e do que se ocupou Ana Diz. En maio, están programadas alí unha *Conferencia-homenaxe a Xela Arias*, da que se ocuparán Ana Luna e Marga do Val; a presentación do volume 25 da revista *Madrygal*; un *recitado de poemas* a cargo do alumnado de lingua, literatura e cultura galegas e a presentación da novela *Lola, filla de Cangas...* con Ana Acuña e Paula Cousillas.

As diversas actividades que se van programando nos centros de estudos galegos poden verse no Portal da Lingua Galega www.lingua.gal e na Axenda de Cultura de Galicia.

| A DIÁSPORA CELEBRA O 17 DE MAIO

A Secretaría Xeral da Emigración apoia a programación conmemorativa das Letras Galegas 2021 desde os centros de referencia da colectividade galega do exterior que se suman a ela con conferencias, feiras, concursos, exposicións, proxeccións audiovisuais, recitais e actuacións musicais. Con elas, conmemoran o 17 de maio ao longo de todo o ano para festexar a lingua e a cultura galegas e renderlle tributo, tamén desde a diáspora, a Xela Arias neste 2021.

XELA ARIAS NA PROGRAMACIÓN ESPECIAL DA CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA

A Corporación Radio e Televisión de Galicia (CRTVG) desenvolverá ao longo do mes de maio unha cobertura global sobre a vida, a figura e a obra de Xela Arias e emitirá arredor do día 17 contidos especiais en todas as canles salientando a emisión na mesma mañá do Día das Letras Galegas. No eido da Responsabilidade Social Corporativa dos medios públicos, deseñarase unha campaña divulgativa dentro das #AcciónsG da CRTVG, que lle dedica anualmente unha acción á celebración desta data.

Entre os contidos especiais da Televisión de Galicia (TVG) para o luns 17 de maio, están previstos un **"Especial Zigzag"** na primeira canle e un **"Especial Diario cultural"** na Radio Galega (RG). Ademais, a RG emitirá, entre o 10 e o 16 de maio

entrevistas diarias sobre Xela Arias nas distintas edicións do Diario cultural, así como lectura de poemas da autora na súa propia voz e na doutras persoas participantes, que se distribuirán ao longo da emisión.

A TVG emitirá o documental *Vencerse é cousa de se tratar*, vertebrado arredor da creación dun mural coa imaxe da escritora na súa localidade natal, Sarria, e coa participación de estudantado da localidade luguesa reflexionando sobre as súas achegas. A pegada de Xela Arias na música galega será abordada con intervencións da artista galega Ugía Pereira e da formación musical A Banda da Loba. Programarase tamén unha serie documental en seis capítulos producida pola RAG na que se explorará a traxectoria da poeta homenaxeada como unha das primeiras autoras que se profesionalizou na incipiente industria editorial galega dos anos 80. Os microespazos *Unha palabra para Xela* difundirán do 1 ao 31 de maio a figura da autora en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Para completar a programación, a TVG emitirá unha entrega especial de *"Vivir aquí"*, baixo o título *"Aquí fálase galego"*, que recompilará iniciativas impulsadas pola propia veciñanza para dinamizar o uso da lingua galega no ámbito urbano; a estrea do filme galego *O que arde*, dirixido por Óliver Laxe, e unha serie de pezas que terán como protagonistas as e os presentadores máis coñecidos da TVG, arredor da palabra en galego e cunha achega do coñecido espazo divulgativo sobre a lingua *#DígochoEu*.

XELA ARIAS NA INTERNET

PORTAL DAS PALABRAS

O Portal das Palabras, web da RAG e da Fundación Barrié para a modernización do traballo lexicográfico e a difusión da lingua galega, incluírá contidos centrados no universo vital e literario de Xela Arias Castaño.



<https://portaldaspalabras.gal/>

| ACADEMIA.GAL

A páxina web da RAG xa ten activado desde comezos de 2021 un espazo dedicado á biografía de Xela Arias e a sección "Actualidade" do mesmo web ofrece reportaxes, entrevistas e artigos arredor da vida e da obra da figura homenaxeada co Día das Letras Galegas 2021.



<https://academia.gal/inicio>

| "AMBICIONO O EQUILIBRIO DOS EXTREMOS"

O pasado 3 de marzo, na véspera do 59º aniversario do nacemento de Xela Arias, o CCG abriu no seu web institucional **consellodacultura.gal** un espazo especial, arredor do coñecido verso da poeta luguesa, que acubilla toda a información desenvolvida ou promovida pola institución arredor da figura da autora, no que se inclúen información biográfica, audios (con gravacións da poeta na súa voz), audiovisuais e outros materiais.

Desde o 21 de marzo, o devandito espazo inclúe unha sección especial que funde a poesía de Xela Arias coa creación de doce escritores e escritoras nados a partir da década dos oitenta, nun diálogo poético con videocreacións.



<http://consellodacultura.gal/>

| XELA NO PORTAL DA LINGUA GALEGA

Espazo sobre Xelas Arias no web institucional da Secretaría Xeral de Política Lingüística. Nel inclúense materiais e documentación conservada nesta institución: fotografías, gravacións sonoras... así como información de interese sobre a súa biografía e obra e unha mostra dos proxectos escolares elaborados polos EDLG.



www.lingua.gal

| DIFUSIÓN DESDE CRTVG.GAL

En maio, o portal institucional dos medios públicos de Galicia creará unha sección dedicada á autora, con fondos do arquivo da CRTVG e as redes sociais difundirán contidos e pezas con formatos adaptados a cada canle. Emitiranse

tamén o Concerto das Letras Galegas do CCG e as pílulas audiovisuais *Onde canta a poeta* editadas pola RAG.

AUDIOVISUAIS E MÚSICA

CONCERTO DAS LETRAS 2021

O 16 de maio terá lugar o tradicional Concerto das Letras Galegas promovido polo Consello da Cultura Galega, que busca unir textos e música co obxectivo de subliñar a dimensión conmemorativa, reivindicativa e festiva da xornada, sempre arredor da figura homenaxeada no Día das Letras Galegas. Nesta ocasión, a presenza escénica do *scratching* nebuloso de PicoAmperio e o carisma magnético de Laura LaMontagne fundiranse coa poesía de Xela nunha proposta estética audiovisual innovadora.

HASME OÍR, NOVO EP DA BANDA DA LOBA

Co apoio da Secretaría Xeral de Política Lingüística, **A banda da Loba** lanza o novo EP *Hasme oír*, en homenaxe a Xela Arias, que verá a luz no mes de abril, no marco da programación institucional das Letras Galegas 2021.



XELA ARIAS

A banda da Loba adoida musicalizar poemas das figuras máis representativas da nosa cultura. No seu último disco, *Fábrica de Luz*, xa se aproximaran á obra de Xela Arias coa canción "Tigres coma cabalos", un bolero que tamén aparecerá no novo traballo, canda outras tres cancións, unha por cada poemario: "Intempériome", "Darío a diario", "Denuncia do equilibrio" e "Tigres coma cabalos", así como uns interludios musicais recitados entre cada un deles.

Como avance, a formación feminina publicou o videoclip [Intempériome](#) con motivo do 8M e a celebración do 59º aniversario do nacemento de Xela Arias.

VENCERSE É COUSA DE SE TRATAR

Dous proxectos toman como referencia o verso, para homenaxear a Xela Arias desde o escenario e desde o audiovisual:

Poesía + música

A Secretaría Xeral de Política Lingüística colabora neste espectáculo poético-musical dirixido por Avelino González, a cargo de Fernando Abreu e Pablo Carrera (DOUS) e Iolanda Zúñiga. O proxecto recupera a idea que tiña Xela Arias de levar a súa poesía ao escenario na presentación da súa derradeira obra *Intempériome* (2003) e que non chegou a materializar.



Estrea no mes de maio

Documental

Baixo dirección de Valeria Pereiras e apoiado pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade, un audiovisual documental de 30' de duración abordará a figura de Xela Arias tendo como fío condutor a gravación do proceso de creación dun mural coa imaxe propia imaxe dela e o verso "Vencerse é cousa de se tratar", poema e sección do libro *Intempériome* (2003).

UNHA PALABRA PARA XELA, PÍLULAS AUDIOVISUAIS

Co apoio da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, Arraianos Producións elaborará e difundirá **31 pímulas audiovisuais**, cunha duración aproximada de entre 1' e 2', con testemuños e lecturas de poemas desta autora por persoeiros da cultura galega, familiares, amigos e amigas, compañeiras e mesmo alumnado arredor de Xela Arias e da súa obra para conformar un retrato sinxelo e plural da autora.

Baixo o cancelo [#unhapalabraparaXelaArias](#) estas pímulas espallaranse nas redes sociais e emitiranse cada día ao longo do mes de maio de 2020 na primeira canle da CRTVG e na Radio Galega para celebrar as Letras Galegas e divulgar a vida a figura e a obra de Xela Arias.

UNHA PALABRA PARA XELA ARIAS

Un proxecto de Arraianos Producións para a SX de Política Lingüística



LIBRO-DISCO O EQUILIBRIO DOS TIGRES

A Secretaría Xeral de Política Lingüística colabora con este proxecto literario-musical, no que se inclúen dez poemas representativos da obra de Xela Arias musicados por Eloi Caldeiro.

VIDEOCLIP TIGRES COMA CABALOS

Inspirado no poemario homónimo de Xela Arias, peza audiovisual musical a cargo de Pablo Vidal e Clara Pino.

| JAZZLIZA: A NOSA VOZ DE SEMPRE NAS NOSAS VOCES DE HOXE

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade colabora nesta proposta que combina jazz cunha ducia de textos senlleiros doutros tantos poetas galegos nunha panorámica histórica, baixo a dirección do pianista e compositor Alberto Conde, en colaboración coa Big Band do Conservatorio Superior de Música da Coruña.

 Subirá á escena no Teatro Colón da Coruña.

ACTIVIDADES NAS BIBLIOTECAS

A **Biblioteca Pública de Santiago Ánxel Casal** programa o espectáculo de narración oral *Arredor de Xela*, a cargo de Raquel Queizás, o 8 de maio; o contacontos *"Contos para celebrar as Letras"*, a cargo de Ángeles Goás, o 15 de maio; e *A poesía de Xela Arias*, a cargo de Servando Barreiro, o 22 de maio. En todos os casos para cativada de entre 3 e o 8 anos.

A **Biblioteca Pública da Coruña Miguel González Garcés** acolle, o 20 de maio, unha charla-coloquio arredor de Xela Arias a cargo de Enma Pedreira. O 21 de maio, o conferenciante será o escritor Pedro Feijóo, baixo o título "Escribo porque algo me doe, preocúpame ou porque directamente non o entendo". O 22 de maio, a narradora Raquel Queizán será a encargada da actividade *Arredor de Xela*, que tamén acollerá a Biblioteca Pública de Lugo na véspera, o 21 de maio.

A **Biblioteca Pública de Ourense Nós** organiza unha programación conmemorativa especial das Letras Galegas que desenvolverá do 11 ao 31 de maio con diferentes actividades: *Contiños con Susana. @s pequen@s e as Letras*, a cargo de Susana Villar; *Versos na pedra*, a cargo de Soledad Felloza; *Celebrando as nosas Letras*, a cargo de Xeitura. E tamén outras iniciativas como a *Cita sorpresa cunha obra en galego* (na que as persoas usuarias poderan levar baixo préstamo un paquete cun libro descoñecido, do 15 ao 19 de maio).

A **Biblioteca Pública de Pontevedra Antonio Odriozola** organiza o obradoiro infantil de creación literaria *Xogando coas Letras Galegas* e o contacontos ilustrado e musical *Coñecendo a Xela Arias*, a cargo de Polo Correo do Vento, no que se inclúe un pequeno obradoiro de debuxo para elaborar unha caricatura da

poeta. Desenvolveranse, respectivamente, o 14 e o 21 de maio.

A **Biblioteca Pública de Vigo Juan Compañel** organiza o 15 de maio o contacontos *Oito pasos... oito versos*, duruxudo a nenos de entre 4 e 12 anos.

En todas as actividades programadas desde a Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, a inscrición é aberta e de balde, con capacidade limitada e adaptación ao protocolo Covid-19, e require anotarse previamente nos webs.

OUTRAS INICIATIVAS DE VISIBILIZACIÓN SOCIAL E CIDADÁ

VIDEO MÁPPING XELA ARIAS. LETRAS GALEGAS 2021

A Secretaría Xeral de Política Lingüística desenvolverá un proxecto de visibilización social das Letras Galegas 2021 a través do video mápping e das técnicas de proxeccion de imaxes en exterior máis actuais para dar a coñecer a poesía da autora homenaxeada este 17 de maio pola RAG en 25 edificios e emprazamentos significativos de Galicia.





XELA ARIAS

LETRAS GALEGAS 2021

